



O FOGAR PERDIDO

2º Concurso Cuentos Repsol
1º Premio en Gallego

Autora: Beatriz García Turnes

Año 1989

O coche chegou ó punto máis alto da estrada. Paulo parou para disfrutar coa vista daquela fermosa paisaxe que consevara borrosa na imaxinación durante tanto tempo.

O val verde, afundido entre suaves montes, traíalle lembranzas da mocidade. ¡Cantas veces xogara naquel regato que, indiferente ó paso do tempo, seguía esvarando como unha serpe polos campos abaixo! ¡Cantas veces se agachara tralos retortos carballos e os vellos castiñeiros que agora foran, en parte, substituíos por eucaliptos ou campos de cultivo!. As casas seguían estando dispersas polo val adiante, como manchas negras colocadas para romper a monotonía do verde.

Puxo de novo o coche en marcha e escomenzou a baixar pola estrada chea de baches e curvas. “Os lados do camiño aparecían, de cando en vez, as vivendas dos labregos. Algunhas delas, as máis fermosas, non cambiaran absolutamente nada desde que el estivera alí por última vez. Paulo aledábase ó contempla-las portas e ventás de madeira, as paredes feitas de pequenas pedras, as escaleiras por fóra de casa e os lousados negros e lisos que cubrían o teito. Conducía amodiño para ver ben os hórreos e os palleiros barrigudos nas eiras. Varias veces levou as mans á cabeza ó fixarse en que, nalgunhas das casas substituíran as ventás de madeira por “pegotes” de aluminio, ó ver piornos medio derruidos e, ó seu lado, modernas moles de cemento facendo as veces de

graneiro, ou ó descubrir vivendas vellas abandonadas á beira doutras novas de dubidoso gusto.

Decidiu ir ata igrexa a pasear por alí un anaco, a soas cos seus pensamentos. Deixou o coche aparcado e foi camiñando ata o atrio. O templo, unha construción románica que pedía a berros unha restauración, estaba pechado. Sentouse ó sol, co lombo apoiado nos grosos muros de pedra, e escoitou o case esquencido canto dos paxaros.

El nacera nesa aldea, nunha casa vella e pequena e nunha familia con ben poucas terras. Tivo que traballar arreo (na casa e máis na escola) e pasou temporadas de fame e frío pero, se agora lle preguntasen pola súa infancia, non dubidaría un momento en dicir que foi feliz.

O seu pensamento chegaron as frías mañás de inverno nas que, estando aínda escuro, camiñaba ata a aldea na que se atopaba a escola. Nin el nin os seus compañeiros querían chegar tarde para que non lles berrase o mestre (¡Deus que xenio tiña!), así que non se distraían moito polo camiño. Esta non era a única razón pola que podían recibir paus, estaba penado o non sabe-la lección e o falar galego na clase.

O saír da escola os rapaces entretíñanse xogando a beira do río ou buscando niños de paxaros polo que, ás veces, chegaban tarde a casa. Cando por fin o facían, o seus pais mandábanlles leva-las vacas a pacer. Como ían todos xuntos pasábano ben, aínda que ás veces tiñan que levar tamén os libros e

estudiar no prado.

Regresaban ó solpor. Na casa esperábaos unha cunca de leite con sal (o azucre, demasiado caro, era só para as festas) é un conto da avoa. Ela era unha fonte inesgotable de lendas e de anécdotas que enmeigaban ós rapaces a carón do lume.

A veces Xela a nai de Paulo, enfadábase porque os rapaces, en troques de estudar na cociña, pedíanlle á avoa que narrase as súas historias. Xela tiña moito interese en que os seus fillos fosen ben na escola e facía todo o posible para que estudiasen. Nun principio, Paulo non quería facelo, as cousas do colexio resultábanlle aburridas, pero pouco a pouco foise interesando polos segredos dos libros.

O que máis lle gustaba era a historia, que lle daba pe para imaxinar aventuras en distintos países e épocas, e a literatura, aínda que esta fose moi teórica e os rapaces puidesen ler a moi poucos dos autores que estudiaban.

Cando Paulo conseguía unha novela devorábaa no mesmo día que a obtiña e logo relíaa mil veces ata sabela de memoria. Un día ocurriuselle a el narrar unha historia coma as que atopaba nos libros, así foi como escomenzou a escribir. Pasaba tardes enteiras á beira do río, plasmando no papel as ideas que se agolpaban na súa mente con máis rapidez da que el tiña para escribilas.

Tódolos rapaces da escola coñecían os seus contos e íanos pasando de boca en boca, ás veces

transformándoos un pouco. O fin o mestre enteirouse da nova afección de Paulo e quixo coñecer algunhas das súas narracións. Co que non contaba o bo do home, era con que o rapaz escribía na lingua que mellor coñecía e dominaba, o galego, e púxose coma unha fera cando descubriu a forma na que o mozo “malgastaba” o seu tempo.

—Non volverás a escribir —dixo— mentras non aprendas a utilizar un idioma civilizado.

A continuación destas palabras soltou unha perorata de case unha hora que Paulo tivo que escoitar de pé, cos ollos no chan e actitude respetuosa.

A nai do rapaz tamén estaba de acordo con que este deixase de escribir. Xa que lle parecía mal que “perdesse” de estudar lendo, pero que por riba pasase horas enteiras gastando o papel que precisaba para a escola...

¡Cantas noites, a partir de entón, pasou lendo ou escribindo contos ás agachadas! ¡Canto tempo estudiou para que os seus pais non sospeitasen que seguía escribindo! ¡E cantas tivo que facer para conseguir papel sen que a súa nai se decatase!

Así e todo algunhas veces os pais descubrían e recibían unhas boas labazadas. Isto non disminuía o gusto de Paulo pola narración, máis ben o contrario: se antes lle interesaba, agora escribir convertíase nunha verdadeira aventura, chea de emocións e perigos.

Probablemente toda a vocación de Paulo pola

literatura remataría nun par de meses ou anos, se non fose por unha serie de malas colleitas e fame, que afectaron de modo especial ás familias pobres coma a súa.

Os pais do rapaz decidiron, tras moitas discusións, trasladarse á cidade e buscar alí un traballo que lles permitise seguir vivindo. De quedarse no campo, Paulo non podería continua-los seus estudos, pero se marchaba a vivir en Santiago...

Este traslado era, sen lugar a dúbidas, unha ventaxa; pero aínda había que vencer unhas cantas dificultades máis. O pai do rapaz non desexaba que este estudiase, senón que se puxese a traballar coma o seu irmán maior. Se non o facía, non só deixaría de levar cartos á casa, senón que gastaría en material para o Instituto o que precisaban para comer. O fin e ó cabo ¿para qué quería seguir estudiando? xa sabía ler, e escribir, e contar... Os seus pais con moitos menos coñecementos, foron saíndo adiante ¡O que tiña que facer era buscar un emprego e deixarse de contos!

Anai do mozo non opinaba igual, sempre desexara que os seus fillos fixesen unha carreira. O maior deles nunca se lle dera moi ben o estudio, pero a Paulo... el era un bo alumno sempre demostrara máis interese polos libros que polas vacas. Se o problema estaba nos cartos que gastaría o rapaz ela poñeríase a traballar facendo limpeza, pero o seu fillo estudiaría ¡Abofé que sí!

Santiago, o instituto, a súa nova casa... toda era estraño para Paulo os primeiros días. Unha tarde decidiu ir coñece-la cidade coa esperanza de sentirse así menos atado.

Foi camiñando amodo polas rúas grises, cheas de xente con presa, foise fixando nos edificios con escudos de pedra, con galerías brancas, con chamadores en forma de puño... Admirou desde as grandes torres da Catedral ata as pequenas cunchas e piñeiros que aparecían nas paredes das casas.

—¿Sabes que queren dicir eses debuxos que ves na pedra?— preguntou detrás del unha voz coñecida. Paulo estaba pasando o seu dedo por un deles cando escoitou. Deu a volta e negou coa cabeza. Agora tiña diante se si ó profesor de literatura que, tomándoo do brazo, escomenzou a falar co rapaz.

Este profesor, Xacobe, non estaba moi ben visto polo resto dos rapaces do instituto, pero a Paulo gustáballe o seu modo de explicar, tan distinto do do mestre que tivera ata entón.

Xacobe, faláballes a miudo dos escritores galegos e incluso lles lía algúns poemas deles na clase. As veces, fora da clase, dirixíase ós alumnos en galego, o que non era moi normal, nun home da súa posición e cultura.

Aquela tarde o profesor levouno por tódalas rúas da cidade vella. Contoulle a historia de Santiago, explicoulle toda a arquitectura, amosoulle pequenas curiosidades que antes pasaran desapercibidas para

Paulo e narroulle multitude de lendas sobre milagres acontecidos ós peleriños, bispos asasinados ou raiñas que deixaran o seu espírito na torre da Catedral na que estiveran pechadas. Nunhas poucas horas Paulo aprendeu a ver Santiago con outros ollos, foi apreciándoo máis, foi sentíndose cada vez máis a gusto ata que se sentíu dono del. ¿Dono? sí, Santiago era agora a “súa” cidade.

Como ía frío e escomenzaba a orballar, o mestre decidiu invitar a Paulo a un café mentres seguía contestando as preguntas que este lle facía. Durante unha conversa, Paulo contoulle ó seu mestre que lle gustaba escribir e faloulle dos problemas que tiña para facelo e máis para atopar libros que ler. Xacobe quixo ver algo do que o rapaz escribira e Paulo amosoulle un conto que levaba no peto e que escomenzara o día anterior.

— Para non ter a ninguén que che aprendese e para teres lido poucos libros... ¡isto está moi ben opinou o mestre ó rematar de lelo— pero aínda podes facelo moito mellor. Se queres, eu tentarei axudarte.

A partir de entón, Paulo foi moitas veces á casa do seu mestre. Leváballe sempre os seus escritos e Xacobe correxíalos explicándolle como melloralos, tamén lle prestaba libros, en galego e castelán que logo comentaban xuntos. Presentoulle a outros amigos, da idade de Paulo ou máis vellos que escribían en galego e que incluíron algúns dos seus contos nunha revista cultural que dirixían. Foron eles os

que, cando mozo aprendeu a redactar ben, publicaron o seu primeiro libro.

No inverno, a escola e as reunións cos compañeiros da revista ocupaban todo o seu tempo libre. O verán pasábao na aldea, na casa da súa avoa, onde a vida era totalmente distinta. Adoitaba chegar a véspera se San Xoán e, despois de saudar ós seus familiares, marchaba cos mozos da aldea. Xuntos ían buscar palitroques para poñer na porta das casas e que non entrasen as meigas, xuntos pasaban por tódolos fogares collendo algún obxecto (unha fouce, un sacho, unha peneira...) que agachaban noutro lugar da aldea; a mañá seguinte todo o mundo sairía a busca das súas pertenzas, e faría boas migas cos outros rapaces que andaban tamén na procura dos seus aparellos. Isto servíalle a Paulo para integrarse na vida da aldea desde o primeiro día. Tamén era traballo dos rapaces buscar leña para as fogueiras da noite e face-lo espantallo que queimarían nelas.

Entre tanto, as súas irmás poñían auga de rosas fora da casa, pensaban deixala alí toda a noite e embelecerse pola mañá lavando a cara con ela. Tamén poñerían ó orballo de San Xoán un ovo aberto para poder saber ó día seguinte, e segundo a forma que collese a clara (martelo, zapato, fouce...), que profesión tería o seu futuro home. Os maiores deixaban o gando fora da corte para que o orballo curativo da noite o sanase.

Cando por fin escurecía, mozos e mozas encen-

dían a cacharela. Os rapaces saltaban un número impar de veces recitando ó mesmo tempo unha copliña que os libraría das mordeduras dos cans e das cobras. As rapazas tamén terían que salta-la fogueira e a que fixese ben atoparía mozo ese mesmo ano.

Pola mañá tódolos aldeáns se erguían para ver baila-lo sol e máis para combati-lo bocio bebendo auga de sete fontes distintas. Diciase que algúns manantiais xurdían só na alborada de San Xoán para que unha fada fermosísima puidese levar ou pentealos seus longos cabelos neles.

Paulo chegaba, pois, á súa aldea, e era recibido por unha morea de ritos máxicos e antiquísimos costumes que lle facían esquencerse totalmente da vida de Santiago e o transformaban de novo no mozo que levaba as vacas a pacer, que escoitaba ó solpor lendas sobre a Santa Compañía, que rompía o lombo traballando nas leiras da familia, que bailaba sen parar nas romerías,...

¡Ah! ¡as romerías! Paulo erguíase cedo o día da festa e, co traxe e os zapatos ben limpos marchaba á igrexa coa súa familia. A saída da misa subastábase a organización da festa do ano seguinte, aquel que dese máis libras de cera para o templo sería o encargado de merca-los foguetes, pagarlle ó gaitero, etc... Despois da procesión cada familia buscaba un bo sitio onde sentarse a xantar. Pasaban a tarde bailando, cantando, vendo xogar ós rapaces e

mercándolles, de cando en vez, unha vara de rosquillas.

Moitas veces, sendo xa un home maduro, lembraría Paulo aqueles apacibles días de verán, os paseos á beira do río, o sol queimando o ceo antes de se deitar, as noites asulagadas de estrelas... recordaría todo isto e as razóns polas que non volveu a pisala súa aldea natal.

O mesmo ano que el escomenzou a estudar xeografía e historia na Universidade de Santiago, morreu a súa avoa e os herdeiros venderon as terras. O vínculo que unía máis fortemente a Paulo co seu lugar de nacemento, fora destruído. Por outra banda atopou un emprego coma camareiro que lle permitía pagarse os estudos; no verán, ademais, traballaba de guía para os turistas polo que, aínda que vivise a súa avoa, non podería marchar da cidade.

Por esa época tamén escomenzou Paulo a meterse en política. Era practicamente inevitable que un rapaz que no 69 estaba nos primeiros cursos da universidade deixase de participar nas enfervorizadas reunións de café, nas manifestacións contra o réxime e, en moitas ocasións, na formación de utopías.

Foi nunha desas políticas de cafetería onde coñeceu a Sabela, que máis tarde sería a súa obra. No medio dos inflamados discursos, das firmes resolucións e dos proxectos de loita, ela parecía se-la paz mesma. A súa serenidade e obxectividade sorprenderon agradablemente a Paulo. Máis tarde

tería discusións con ela porque non o deixaría imaxinar mundos maravillosos nos que todo marchase perfectamente, senón que o devolvería á realidade cun sorriso de pena nos beizos:

- Ti nunca te-los pes no chan...

Paulo enfadábase ¿por qué sempre facía que as súas ideas lle parecesen estúpidas e irrealizables? Quizais ás veces ela levase razón, pero outras era demasiado pesimista, faltábanlle esperanzas e sen esperanza non se podía loitar por nada.

A pesaren destas pequenas discusións Sabelo e Paulo queríanse e complementábanse ben, co que a súa amizade foi medrando cada vez máis.

Tralos primeiros anos universitarios Paulo deixou de interesarse pola política, pasoulle-lo relevo ós máis novos da súa facultade para tentar remata-la carreira. Conseguiuno, non sen esforzo e sacou as oposicións ó ano seguinte, e, aínda que seguiu expresando os seus ideais nos libros que escribía e nas súas conversas con compañeiros e familiares, abandonou as manifestacións e os grandes proxectos para tentar remata-la carreira. Conseguiuno, non sen esforzo, e sacou as oposicións ó ano seguinte, igual que a súa moza. Por fin poderían casar.

A voda celebrouse a mediados de agosto na aldea de Paulo, na mesma igrexa onde agora o estaba lembrando. O rapaz teimara en casar alí e facer logo unha comida campestre, polo que pasou unha semana pregando para que non chovese no seu día.

O ceo de color azul intenso e as poucas nubes brancas que de cando en vez aparecían nel, a suave brisa que percorría o val impedindo que a calor fose demasiado forte, o concerto de paxaros que os acompañou no xantar... parecía como se a aldeña, do noivo quisexe ofrecerlle unha celebración digna dun rei.

Foi unha festa de voda e máis de despedida pois, desde entón, Paulo non volveu ó seu lugar de nacemento. Pensou algunhas veces en colle-lo coche e dar unha volta ata alí, pero estabase tan ben no sillón da súa casa...

Había unha semana que uns amigos o invitaran a él e á súa familia, a pasa-lo día nunha casa que mercaran fóra da cidade.

Pola tardiña, Paulo e os rapaces saíron a dar unha volta pola aldea. Os nenos entusiasmábanse con calquera tontería: “¿Qué paxaro é aquel? ¡Qué arbore tan rara! ¿Por qué saudas a tódolos señores que atopas se non os coñeces? ¿Por qué as vacas levan unha madeira no pescozo?”. Os seus fillos non entendían nada daquel estraño planeta chamado aldea, e el mesmo mesmo sentíase raro evitando os charcos, camiñando patosamente entre os toxos ou berrándolles ós rapaces que as amoras da beira do camiño estaban cheas de po.

Descubriu que o campo xa non era o seu fogar, pero ¿por qué?. A aldea cambiara moito desde que el era un rapaz, quizais coa perda de moitos costumes

que a diferenciaban da cidade fôrase parte da súa maxia. Non, non era iso o que lle impedía sentirse cómodo naquel lugar, fora el o que cambiara, el o que xa non sabía divertirse unicamente co que lle brindaba a natureza, o que se sentía estraño ante a sinxeleza e a hospitalidade dos labregos que, trala comida, os invitaran a tomar café, el o que xa non comprendía ó mundo que lle dera a vida.

Negáralle á súa familia e a el mesmo o placer de descubrir e comprender á vella Galicia labrega, parecialle que cometera un erro, case un crime, e que agora debía recupera-lo tempo perdido.

O sábado seguinte colleu o coche e conduciu ata o seu val. Alí estaba agora reencontrándose co seu pasado, lembrando a súa nenez.

Mirou a hora e púxose en pé. Escomenzaba a poñerse o sol e el aínda tiña que facer moitas cousas. Quería mercar alí un terreo (¡se poidese se-lo que lle pertencera antes de morre-la avoa!) e facer ou reconstruir unha casa coma aquela na que nacera. Poñeríalle unha lareira e unha cociña de ferro, faría un hórreo na eira, plantaría tomates e leitugas.

Se estivese alí a súa dona, miraría con cara de risa e diríalle:

— Sempre sera-lo mesmo ¿Por qué non deixas de facer proxectos e te pos a traballar?

El, un pouco ofendido, escomenzaría a andar coas súas mans nos petos e seguiría o consello da súa muller.

Unha ráfaga de vento despertou a Paulo que con paso rápido, estaba xa camiñando pola estrada, disposto a facer realidade o seu soño.